

Tipo de espectáculo



Maxia



Teatro



Teatro de rúa



Circo



Danza



Bebés



Monicreques

Idiomas



castelán



galego



inglés

Idade



Público adulto



Público familiar



Idade recomendada

XANEIRO

Venres 27 e sábado 28

19:00 h.

PACHAMAMA

Troula Animación



Teatro de rúa

Autoría e dirección: Troula Animación

Escenografía e deseño iluminación:

CG Reciclado Artístico

Deseño de son e música: Jorge Guerra

Vestuario: Raquel

Intérpretes: Jorge Guerra (batería), Juan González, Rubén Domínguez, Adrián De Gabriel e Borja Calvar (monicreques) e Gustavo Suásnabar, Sergio Rodríguez e Diego Roca (técnicos).

O público gozará do paso dunha carroza-móbil con música electro-tribal e monicreques xigantes.



Todos os públicos

60

minutos

PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NA RÚA DO PRÍNCIPE

FEBREIRO

Venres 3 e sábado 4

20:00 h.

CÓMO HEMOS LLEGADO HASTA AQUÍ

Teatro del Barrio



Teatro comedia

Autoría: Olga Iglesias e Nerea Pérez de las Heras

Dirección: Andrea Jiménez

Escenografía e deseño de iluminación:

Antiel Jiménez

Deseño de son e música: Enri La Foret

Vestuario: Yaiza Pinillos


Coreografía: Amaya Galeote

Intérpretes: Nerea Pérez de las Heras
e Olga Iglesias

Cómo hemos llegado hasta aquí oscila entre o *talk show*, a *autoficción*, o panfleto político e a análise social e a viaxe do heroe mitolóxico clásico, que contén desafíos e emocións universais, só que, aquí, o heroe é unha *bollera* de Plasencia obsesionada coa súa nai, que cumpriu corenta (ou máis), sumida na precariedade.



A dramaturxia é o resultado dun proceso de investigación con distintas fases e que tamén se nutriu da propia experiencia das tres artistas involucradas no proxecto.



FEBREIRO

Domingo 5

18:00 h.



ESTREA
MUNDIAL

THE BEST MAGIC TRICK IN THE WORLD

Magia en la Manga



Maxia

**Autoría, dirección, escenografía, diseño de son,
diseño de iluminación, vestuario e música:**

Magia en la Manga

Intérprete: Carlos Tomico

Cal é o mellor truco de maxia do mundo? Que fascinantes segredos gardan os ilusionistas doutros países? Estas son as preguntas que intentará responder o atoleirado mago Charles Munro nunha viaxe arredor do mundo para descubrir novas formas de facer maxia e a importancia de coñecer e valorar outras culturas. Un espectáculo completamente en inglés, no que o público empregará o idioma de xeito natural e lúdico. Adaptado ás idades e ao seu nivel para asegurar unha experiencia máxica, divertida e educativa.



inglés



anos



minutos



FEBREIRO

Venres 10 e sábado 11

20:00 h.



3240

DeuVe



Teatro contemporáneo

Autoría: Deborah Vukusic

Dirección: Cristina Moreira

Escenografía: José R. Bas

Vestuario: Jandro Villa

Diseño de iluminación: Javier Quintana

Coreografía: Marta Alonso Tejada

Diseño de son e música: Jesús Andrés Tejada

Intérprete: Deborah Vukusic (coa colaboración especial de Antea Rodríguez, Cecilia Vázquez, Marielvy Martínez, Hummy Donado, Monti Castiñeiras e Tito Asorey “Nick Cave”)

3240 podería ser o título dunha película de Wong Kar-Wai, a matrícula dun coche ou o contrasinal dunha caixa forte, por exemplo, pero en realidade é o prezo do amor. O amor por un mito. Que pasaría se a persoa á que sempre admiraches se puxese en contacto contigo? Que farías por coñecela? Canto custa un litro de endorfinas? No



galego



público adulto



minutos



ano 2020 os delitos informáticos aumentaron o 70%, o equivalente aos cometidos nos 5 anos anteriores e esta é unha historia baseada en feitos reais sobre as relacións nas redes, a mitomanía, as obsesións e as estafas. Un relato gótico e romántico para falar da tecnoloxía e a soidade, do catfishing, o doxing e todos INGS Direct aos que a protagonista lle debe cartos por culpa do amor. Axudaraa esta peza a recuperar-se? Axúdala tí?

FEBREIRO

Domingo 12

18:00 h.



ESTREA
en GALICIA

LA MEJOR OBRA DE LA HISTORIA

Spasmo Teatro



Teatro xestual

Autoría: Vicente Martín, Álvaro Sánchez, Isaac Tapia, José Gabriel Sánchez e Ángel Calvente

Dirección: Ángel Calvente

Adaptación e deseño de iluminación: Spasmo

Escenografía: Francisco Tapia

Deseño de son e música: Tilly Sound

Vestuario: Dolores Pérez

Intérpretes: Vicente Martín, Isaac Tapia, Álvaro Sánchez e José Gabriel Sánchez

Novamente sen palabras e co humor como instrumento para chegar a toda a familia, Spasmo amósanos algunhas das obras de arte máis relevantes da historia, os seus autores, datos e curiosidades acerca delas.

Neste percorrido cultural, adentrarémonos polos museos máis significativos do mundo e as súas obras de arte.



castelán



anos



minutos



Un espectáculo visual e futurista polo seu formato dixital que nos recorda ás aplicacións móbiles, destinado ás e aos máis pequenos. Nel, combínanse artes escénicas e plásticas, cun gran compoñente didáctico. Deixade que os vosos sentidos vos guíen por este fascinante percorrido a través do noso Museo Virtual.

FEBREIRO

Venres 17 e sábado 18

20:00 h.



ESTREA
en GALICIA

PASSPORT

Yllana



Teatro comedia

Autoría: Yllana

Dirección: Fidel Fernández

Deseño de iluminación: Paco Rapado

Deseño de son: Luis López de Segovia
e Paco Rapado

Atrecista: Gonzalo Gatica

Vestuario: Tatiana de Sarabia

Escenografía: Tatiana de Sarabia, Ismael García
e César Maroto

Intérpretes: César Maroto, Rubén Hernández,
Susana Cortés, Edu Ferres e Estefanía Rocamora
(en alternancia)

Yllana leva viaxando internacionalmente gran parte da súa existencia, e durante todas esas viaxes, xurdiron unha chea de anécdotas divertidísimas que querían contarnos.

Passport é a historia de catro cómicos de xira por un país chamado Komedistan. Os problemas na aduana para entrar no país, o conflito co idioma nun restaurante, hospedarse nun hotel desastroso e o antes e despois dunha función resume a



Todos os
públicos

90

minutos

12€

experiencia de traballar no estranxeiro. *Passport* é unha homenaxe á vida das artistas que cruzan fronteiras co propósito final de compartir a risa por todo o planeta. Comicidade vertixinosa sen palabras para todos os públicos!

FEBREIRO

Domingo 19

18:00 h.



ESTREA
en GALICIA

LAS AVENTURAS DEL LEÓN VERGONZOSO

El Pot Petit



Teatro monicreques

Autoría, dirección e coreografía: Ruth García Ruz e Helena Bagué Vilà

Escenografía: Martí Doy

Diseño de son: Marc Usano Pujol

Diseño de iluminación: Sergi Torns Martínez (diseño) e Bertu Pujadas Serra (implantación)

Vestuario: Carme Puigdevall i Plantés

Música: Dani López Pradas

Intérpretes: Mercè Munné Parera e Ovidi Llorente Sagner (manipuladores e cantantes) e Sergi Carbonell Vergés (músico instrumentista)

Unha viaxe moi divertida con monicreques e música en directo para descubrir as emocións da man dese felino tan vergonzoso. O león, a través desta viaxe trepidante, coñecerá o tigre, o cabalo, o hipopótamo e o galo, entre outros, e xuntos experimentarán emocións como o medo, a alegría, a tristeza ou a rabia. Uns sentimentos que aprenderá a recoñecer, aceptar e compartir. Animádesvos a vivir estas emocións con el? Un espectáculo que a cativada recordará sempre.



castellán



anos



minutos



FEBREIRO

Venres 24 e sábado 25

20:00 h.

Aforo súper reducido

SEXPIERTOS

Tanttaka Teatroa



Teatro contemporáneo

Autoría: Kepa Errasti e Telmo Irureta

Dirección: Mireia Gabilondo

Escenografía: Fernando Bernues

Deseño de iluminación: Xabier Lozano

Vestuario: Ana Turrillas

Intérpretes: Aitziber Garmendia e Telmo Irureta

Din que o corazón de Ana é un cuarto baleiro. Níco quere tatuarse o seu. Están atrapados nun ascensor e pasarán de ser descoñecidos a amigos. Bueno, isto pasou hai tres anos, pero viaxando ao pasado vivíremos no presente o que nos veñan contar. O amor, o sexo, a soidade e os prexuízos da xente serán os temas para tratar. O xornalista con parálise cerebral e a vendedora de caramelos que anda sumida en contradicións, explicarán sen complexo ningún as súas vivencias afectivo sexuais para amosar que cada un de nós, coa súa parálise particular, temos diferentes medos, soños e ilusións.



castelán



público adulto



minutos



Unha historia de dous amigos, unha historia de crecemento persoal tinguida de humor e dor a partes iguais.



FEBREIRO

Domingo 26

18:00 h.

DIVERTIMENTOS

N+1 Teatro Circo Danza



Teatro musical

Dirección, escenografía, vestuario e coreografía:

Alfredo Pérez Muíño

Deseño de son e música: Deseño de iluminación:

Cuarteto Alicerce

Dani Pais

Intérpretes: Alfredo Pérez (actor), Jorge Montes (violín), Roberto Santamarina (violín), María José Pámpano (viola) e Carlos García Amigo (cello)

Espectáculo sen palabras no que a música de Mozart condúcenos en clave de clown polas relacións humanas, poñendo en valor as diferenzas como unha oportunidade para medrar dende o grupo. Un cuarteto de cordas acepta a un novo membro para unha representación, sen saber que o convidado non posúe as mesmas cualidades e calidades como intérprete. O que nun principio provoca rexeitamento e xuízo de cara ao novo compoñente, muda en empatía e transixencia, acompañándoo nas súas penurias para que a relación evolucione cara á tolerancia, aceptación



+3

anos

45

minutos

5€

e incluso que poida modificar a relación entre eles, favorecendo a comunicación, xerando unha nova harmonía e permitíndolles rir dos protocolos arcaicos e a aparente excelencia que rodea á música clásica. Da man do Cuarteto Alicerce e Alfredo Pérez Muíño descubrimos os camiños que nos conducen á música dun dos mellores compositores de todos os tempos, Wolfgang Amadeus Mozart. Un divertido proxecto que trata de achegarse ao público familiar dende a música clásica, o humor e a creatividade para adentrarnos na senda da cultura e das artes como camiños á diversión e a un tempo de lecer de calidade.

MARZO

Venres 3

20:00 h.

VOX POPULI

Malasombra Producións



Teatro musical / Ópera rock

Idea orixinal: Xoque Carbajal

Autoría e dirección: Jose Prieto

Creación e dirección musical: Carlos Mosquera Mos

Coreografías: Bea García

Escenografía e vestiario: Diego Valeiras

Deseño de iluminación: Xoque Carbajal

Intérpretes: Carlos Mosquera Mos, Paula Pier, Bea García, Paku Granxa, Brais Iriarte, Susana Sampedro, César Goldi, Celia González, Xoque Carbajal, Chechu Mosquera, Pablo Leira e Lorena Cachito



galego



público adulto



minutos



Vox Populi é un espectáculo de gran formato. Unha ópera rock con música e letras orixinais, interpretada en directo por doce actrices, actores e músicos.

Vox Populi fala do auxe da ultra dereita en todo o mundo na época actual e toca unha grande

cantidade de temas relacionados con este fenómeno, tales como a inmigración, as liberdades e os dereitos sociais.

MARZO

Domingo 5

12:30, 16:30 e 18:00 h.

ESPECTÁCULO PARA BEBÉS

AFORO SÚPER REDUCIDO

UNIVERS

Engruna Teatre



Teatro para bebés

Autoría: Anna Farriol, Mireia Fernández, Txell Felip e Jùlia Santacana

Dirección: Mireia Fernández

Adaptación: Engruna Teatre

Escenografía: Clàudia Vilà

Diseño de son e música: Jordi Sala

Diseño de iluminación: Ganecha Gil

Vestuario: ArtandSeams

Intérpretes: Anna Farriol, Iria Corominas, Jùlia Santacana e Jordi Sala

Unha experiencia sensorial para a primeira infancia chea de poesía visual, música en directo e movemento.

Individuos, obxectos, que se desordenan, móvense, volven a ordenarse. Que atopan o equilibrio e a harmonía dentro da inmensidade. Que buscan como existir no medio do caos, nun lugar concreto e nun instante preciso. Cada habitante deste cosmos, cada son, cada



0-2

anos

40

minutos

5€*

movemento, está suxeito a unha fráxil relación con todo o resto.

Univers é un espazo onde convivir coa nosa vulnerabilidade e a capacidade de adaptarnos a cada nova situación. Un lugar onde explorar como o máis pequeno e aparentemente insignificante pode cambialo todo da forma máis inesperada. Unha vivencia única e irrepetible que se constrúe de novo cada vez e se converte nunha viaxe evocadora e inmersiva.

***Todas as persoas, incluídos bebés, pagarán entrada.**



MARZO

Venres 10 e sábado 11

20:00 h.

Celebración do
Día Internacional
da Muller



ReVolta

Juanito y Filomena



Teatro comedia

Autoría e adaptación: Cía. Juanito y Filomena

Dirección: Irene Moreira

Escenografía e vestuario: As dúas e punto

Deseño de son e música: Alejandro Gayoso

Deseño de iluminación: Álex Sobrino

Intérpretes: Rocío Romero e Arantxa Treus

Os primeiros prehistoriadores, que só eran homes, pensaron que nese período ocorría o mesmo que na súa sociedade, é dicir, que as mulleres eran inferiores aos homes.

A peza é unha viaxe que cuestiona a nosa aprendizaxe facendo paradas nas iconas máis representativas para sometelas ás últimas teorías sobre a evolución humana ou guindar luz sobre os episodios máis escuros da nosa historia.

A través de escenas delirantes, as últimas achegas históricas que reconducen a visión machista que nos contaron. Entrevistando a Lucy (a primeira homínida), para coñecer de primeira man como era a sociedade paleolítica. Elena Francis, a voz da radio española da ditadura que lle servía ao réxime para instruír as mulleres. Todas estas paradas sen deixar atrás a teoría de



galego



público adulto



minutos



Lynn Margulis, que demostrou que Darwin estaba errado, porén todas coñecemos o nome de Darwin e non de Margulis.

Para resetearmonos como humanidade igualitaria temos que revisar con mirada crítica o que xa sabemos a través do humor, nunca desde a mala conciencia ou a culpa, senón dende un eido historicamente masculino: a comedia.

MARZO

Domingo 12

18:00 h.

A CAZOLA DE LOLA

Tanxarina



Teatro monicreques

Autoría: Isabelle Carrier

Dirección e adaptación: Cándido Pazó e Tanxarina

Asesoría Escénica: A Panadaría (Ailén Kendelman, Areta Bolado e Noelia Castro)

Deseño de son e iluminación: Montse Pinheiro

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Ailén Kendelman

Coreografía: A Panadaría

Intérpretes: Eduardo Rodríguez "Tatán", Miguel Borines e Andrés Giráldez

Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por que.

Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo como os demais. Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un gran sentido artístico. A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes. E atópano raro...

Ademais, o seu cazo complícalle a vida. Afortunadamente existen persoas maravillosas, só fai falta dar cunha delas...



galego



anos



minutos



PROGRAMA 4x4

Aforo súper reducido

MARZO

Venres 17 e sábado 18

20:00 h.

Ven a gozar dunha experiencia teatral única.

A experiencia consistirá nun percorrido por diferentes espazos gozando de distintas pezas.

4 compañías | 4 espectáculos | 4 disciplinas artísticas | 4 espazos

+
público adulto

80
minutos

8€

1 | Escenario | MURMURIOS CUÁNTICOS

Cinema Sticado



Teatro contemporáneo

Autoría, dirección e escenografía: Helena Varela

Deseño de son e música: Xosel Díez


Deseño de iluminación: Nora Pinheiro

Vestuario: Atenea García

Coreografía: Helen Bertels

Intérprete: Helena Varela

Idioma: galego



Aproveitar o corpo para mudar a voz, para mudar a pel. Crebar a palabra. Mmmmm son. Gozar. A microscopía da palabra como goce para construír o verdadeiro. O primeiro murmurio.

2 | Camerín | NON OBSTANTE, LIFE IS A CABARET, AS YOU KNOW

ALOPRO



Teatro / cabaret / comedia

Autoría: Afonso Becerra e Alberte Bello

Dirección e dramaturxia:


Afonso Becerra de Becerreá

Escenografía, iluminación e son: Alberte Bello

Vestuario: Alberte Bello e Miguel Delgado

Intérprete: Alberte Bello

Idioma: galego



Non é por frivolar, ou si, pero tanta crise e tanto drama e tanto personaxe por aí solto xa me teñen até o curuto! Así que un pouco de cabaré marica non nos vai vir mal. Transformismo, travestismo, algún número musical, ironía, algunha confesión e moita pluma autóctona, nada de pavo real, pluma de pita do monte.

3 Vestíbulo INTEMPESTIVA

Elahood



danza contemporánea

Dramaturxia: Gena Baamonde

Deseño de son e música: LLXNTO e Bruno Baw

Intérpretes: Sabela Domínguez e Julia Laport

→ Primeiro Premio e Premio da Crítica no certame coreográfico de Madrid 2021.

→ Premio ao Mellor Espectáculo na Plataforma de Diálogos Contemporáneos do Festival DZM (Cáceres, 2021).



Serse Intempestiva

Os corpos de Elahood entran nun xogo de identidades coa figura e obra de Xela Arias. Xénero, identidade galega, raíces e precariedade entrelázanse para cuestionar que é facer algo de proveito.

4 La Petite Caravane HISTRIÓNICA! (en quince minutos) Mónica Sueiro



Teatro / comedia

Autoría, dirección, escenografía e vestuario:

Mónica Sueiro

Deseño de iluminación: Naila Rodsuá

Música e letra de “Estou ata a cona”: Sergio Llauger

Intérprete: Mónica Sueiro

Idioma: galego

Histriónica! (en quince minutos) é unha comedia excéntrica e metateatral. No principio foi a actriz e no seu desenvolvemento só quedou a actriz. A escusa é o desexo de actuar, de xogarse o tipo ante o público cunha peza da que a protagonista, “a actriz”, sabe tanto como o público presente. Só



ten quince minutos, e poden ser unha eternidade. Así que non lle queda outra que saír do establecido, rir do seu fracaso mentres camiña no desequilibrio entre a necesidade de estar no mundo actoral e o riso, esa vía de escape tan necesaria.

PROGRAMA 4x4 PETIT

Aforo súper reducido

MARZO

Domingo 19

18:00 h.

Ven a gozar dunha experiencia teatral única.

A experiencia consistirá nun percorrido por diferentes espazos gozando de distintas pezas.

4 compañías | 4 espectáculos

4 disciplinas artísticas | 4 espazos



público familiar



80 minutos



5€

1

Escenario

LAS GEMELAS DE PALACIO

Luz, Micro y Punto




Teatro de sombras

Intérpretes: Patricia Toral, Chantal Franco e Verónica Galán

Idioma: castelán

Unha pequena historia sobre o gran desexo de crecer e aprender, e o medo que xure moitas veces ante o descoñecido.



2

Camerín

PAN

Olga Plus

Intérprete: Olga Zeceva

Idioma: castelán

Un espectáculo onde o protagonista é o... PAN! O PAN visto como unha cousa viva, que desde que é unha masa ten desexos e temores. O que é esencial e primordial, pero que tamén ten a súa historia, que non é outra que a historia do ser humano.



3 Vestíbulo CITA EN EL MARCO

Zig Zag Danza



danza

Intérpretes: Estrella García e Miguel Quiroga

Teatro xestual que desde a comicidade conecta cos espectadores a través da relación entre dous personaxes pechados no marco dun cadro, a partir da linguaxe do movemento e o xesto.



4 La Petite Caravane EL MAGO MÁS PEQUEÑO DEL MUNDO Adrián Conde



maxia

Intérprete: Adrián Conde e Félix Corcuera

Idioma: castelán

Canso de que o rexeiten de todos os teatros, o artista de variedades máis pequeno do mundo decide montar o seu propio, e non só o fai acorde ás súas medidas, senón que tamén lle pon rodas para levalo a todos os recunchos do mundo. Feliz de poder amosarnos as súas habilidades, este diminuto artista convidanos a somerxernos nunha atmosfera máxica, confirmando, unha vez máis, que o bo vén en frasco pequeno.



ABRIL

Venres 14

20:00 h.

Celebración
do Día Mundial
do Circo



CREATURA

Lapso Producciones y Malabart



Novo circo

Autoría: Rafa Campos, Antonio J. Campos, Rafael Rivera e Pepe Viyuela

Dirección: Rafa Campos, Antonio Campos e Rafael Rivera

Adaptación, escenografía e deseño de son:

Lapso Producciones

Deseño de iluminación: Diego Cousido

Vestuario: Lapso Producciones y Crispa2

Música: Proyecto Voltaire

Coreografía: Elena Vives, Diego García e Luis Toto

Intérpretes: Rafa Campos, Antonio J. Campos, Rafael Rivera, Luis Totó, Elena Vives, Rosa Schmid, Jana López, Diego García, Niccolo Marzoli

Creatura é música, poesía e circo. A fantasía da palabra e a realidade do máis difícil aínda.

Un espectáculo onde contemplar o circo desde unha visión poética inspirada no Bestiario del Circo, escrito por Pepe Viyuela.



castelán

Todos os
públicos



minutos



En *Creatura* fúsiónanse as artes cunha proposta actual sobre unha arte clásica que non pode caer no esquecemento.

Unha homenaxe ao circo clásico desde unha visión poética e musical. O circo como ente nómade, transhumante, que non pode parara de viaxar e renacer tanto no espazo como no tempo, unindo tradición e vangarda, memoria e imaxinación.

O agradecemento e recoñecemento a un mundo circense que avellenta pero que deixa o seu legado e experiencia para que nós, herdeiros da gloria dos seus días, saibamos levar o testemuño co respecto que merece.



ABRIL

Domingo 16

18:00 h.

Celebración
do Día Mundial
do Circo



LATAS

Compañía D'Click



Novo circo

Autoría: Compañía D'Click

Dirección: Florent Bergal

Escenografía: Ibon Barquero e Carlos Herrero

Deseño de son: Roberto Gregorio

Deseño de iluminación: Tatoño Perales

Vestuario: Pep4

Espazo sonoro: Nieves Arilla

Coreografía: Diego Sinniger e Florent Bergal

Intérpretes: Ana Castrillo, Javier Gracia
e Hugo Gauthier

Un equilibrio entre o animal e o humano, unha danza entre o inútil e o belo. Tres personaxes constrúen e destrúen o presente sen máis obxectivo que desafiar o aburrimento. Coñécense tanto que non precisan falar. Habitan un mundo no que pasou algo, pero non sabemos o que. Buscan dentro de latas un pouco diso, que ao compartirse multiplícase.



+5

anos

55

minutos

5€

Un convite a xogar indiferentes a calquera pensamento. Un momento de felicidade compartida, cun pé neste mundo, e outro nunha terra sen tempo.



ABRIL

Venres 21 e sábado 22 20:00 h.

O PORCO DE PÉ

Produccións Teatraís Excéntricas



Teatro comedia

Autoría: Quico Cadaval & Pepe Sendón (versión libre da novela de Vicente Risco)

Dirección: Quico Cadaval

Escenografía e vestiario: Carlos Alonso

Deseño de son e música: Piti Sanz

Deseño de iluminación: Octavio Mas

Intérpretes: Patricia Vázquez, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira

Porco, o animal totémico dos cocidos e dos entroidos, toma os teatros para demostrar a súa superioridade sobre os seres humanos. Teatro de barracón, aquel que, na infancia, nos fascinaba e nos asustaba a partes iguais. Un farol mortizo, un chan de serraduras, unha cortina vermella e, de súpeto, aparece o porco en elegante pose de equilibrista a sosterse sobre os pés, a finxirse un ser humano con tanta graza, que resulta imposible distinguilo. Vai para cen anos, Vicente Risco detectou unha



galego



público adulto



minutos



nutrida presenza porcina vestida con elegantes abrigos e chapéus a confundirse cos propios burgueses. Descubriu que estaban entre NÓS! A divertidísima sátira do ourensán, a medio camiño entre o circo, o barracón, os fantoches e o cabaré, ten hoxe máis vixencia ca nunca.

ABRIL

Domingo 23 18:00 h.

CARABELA

Galeatro



Teatro comedia

Autoría: Paula Carballeira

Dirección, deseño de son e música:

Davide González

Escenografía e vestuario: Diego Valeiras

Deseño de iluminación: Ignacio Martín

Intérpretes: Alba Bermúdez, Tone Martínez e Mario Rodríguez

Carabela, cocinheira dun barco, naufraga na Illa Pequena de Plástico. Está soa, rodeada de peixes mutantes que lle advirten que son tóxicos, de paxaros que non paran de queixarse por ter comido substancias sintéticas e de verteduras que non alimentan. Para aliviar a tristeza, *Carabela* constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. O corazón a pilas da Nena de Plástico comeza a latexar con forza para coñecer o que hai máis alá dos peixes



galego



anos



minutos



mutantes e dos paxaros chormicas e, sobre todo, para axudar a *Carabela* a saír da illa antes de que morra de fame.

ABRIL

Venres 28

20:00 h.

Celebración do Día
Internacional da Danza

TABÚ

Colectivo Glovo



Danza contemporánea

Autoría, dirección e coreografía:

Esther Latorre e Hugo Pereira

Deseño de son e música: Lucila Celano (BABYKATZE)

Deseño de iluminación: Pedro Fresneda

Vestuario: Adolfo Domínguez

Intérpretes: Fran Martínez, Paula Quintas,
Clara Ferrao, Sybila Guitiérrez, Esther Latorre
e Hugo Pereira

Semellar sen imitar, figurar sen esquecer.

Escenario camavalescos de vida, peso do parecer e implacable xuízo de aspectos.

Que muller eras ti?

Que muller es ti?

A aparencia coma posibilidade de futuro.



público adulto



minutos



ABRIL

Domingo 30

18:00 h.

Celebración
do Día Internacional
da Danza



LOOP

Aracaladanza



Danza contemporánea

Autoría: Aracaladanza

Dirección e coreografía: Enrique Cabrera

Escenografía e vestuario: Elisa Sanz

Deseño de iluminación: Pedro Yagüe

Música: Luis Miguel Cobo

Intérpretes: Carolina Arija, Jorge Brea, Raquel de la Plaza, Jonatan de Luis A, Leix Rodríguez e Jimena Trueba

Que queda tras os aplausos de unha función, xusto cando cae o pano? Que queda tras unha función e tan só unha "luz de traballo" ilumina o espazo? Quen recolle e ordena e limpa o escenario? Como é un escenario baleiro? Que sucede entón?

Loop é un escenario como un lenzo en branco. Teatro dentro do Teatro. Danza dentro da Danza. Marca de "fábrica" de Aracaladanza, a linguaxe, o traballo e os misterios do propio



+5

anos

55

minutos

5€

escenario converten a *Loop* nunha dramaturxia visual, libre como os soños que con imaxes, constrúe o que sempre está por suceder sobre as táboas. Esa é a maxia á que aspira *Loop*.

- 1 O despacho de billetes do auditorio pechará con estrita puntualidade á hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala. Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
- 2 As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
- 3 As portas de acceso abranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
- 4 As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
- 5 TODO o público pagará entrada, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
- 6 Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
- 7 A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
- 8 Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
- 9 Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

Venda de entradas

Puntos de venda:

As entradas poderán adquirirse (sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes):

A través da páxina web de Gíglon:
www.giglon.com

Na Librería Libros para soñar

(Rúa Triunfo 1, baixo, Vigo),

HORARIO:

Luns a venres: 10:30 - 13:30 h. | 17:00 - 20:00 h.

Sábados: 10:30 - 13:30 h.

O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo **no despacho de billetes do Auditorio** (sempre que houbese entradas dispoñibles)

Co obxecto de fomentar a asistencia aos espectáculos de artes escénicas da mocidade, o público entre 12 e 18 anos poderá beneficiarse dun 30% de desconto no prezo das entradas soltas adquiridas anticipadamente a través de Internet co código de desconto OTEATROMOLA (non control de accesos do Auditorio poderá solicitarse a documentación acreditativa da idade)



Auditorio Municipal do Concello de Vigo
Praza do Rei 1. Vigo

Abonos:

(Só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio Auditorio):

ABONO Á CARTA 5: elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10% de desconto sobre o prezo total.

ABONO Á CARTA 10: elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25% de desconto sobre o prezo total.

- Existen **4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservados para os seus acompañantes** (de ser o caso).
- No caso de adquirir entradas nesta modalidade **é importante comprobar ao seleccionalas** se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas).
- As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida **sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.**



INFORMACIÓN





Teléfonos desde Vigo: **010**
Desde móbil ou fóra de Vigo: **986 810 260**

Horario:
De luns a venres - de 8:00 a 20:00 h.
Sábados - de 10:00 a 14:00 h.



Auditorio Municipal do Concello
Praza do Rei s/n



www.vigo.org